

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XOSÉ MARÍA LEMA PRESENTA O SEU LIBRO DE ONOMÁSTICA EN VIMIANZO

De José a Yonatan: primeiro estudo diacrónico nunha parroquia galega

Dende os nomes máis comúns, herdeiros da tradición católica, até os máis exóticos dos nosos días; o proceso de castelanización na antroponimia galega; ou o emprego de "nomes-estigma" por parte da Igrexa para marcar negativamente aos fillos de nai solteira. Datos como estes recóllense no estudo de Xosé María Lema Suárez *Onomástica histórica dunha parroquia galega. Berdoias (1607-2000)*, que será presentado o próximo venres 16 ás 20.00 no Salón Caribe de Vimianzo, coa presenza do presidente da Asociación Galega de Onomástica (Gonzalo Navaza Blanco) e o cura párroco da parroquia de Berdoias (Ramón Romero Carril).

- 13:23 12/02/2007

Esta obra é o segundo volume da Biblioteca Galega da Onomástica. Nesta primeira parte do estudo abórdanse os nomes propios de varón (os femininos publicaranse en breve) ao longo dos últimos catro séculos, nunha localización moi concreta: a parroquia de San Pedro de Berdoias (concello de Vimianzo, na Terra de Soneira). Para realizar esta cala diacrónica, recorreuse aos libros de bautizados dende 1607 até o 2000.

Deste xeito, comprobamos como nos séculos XVII e XVIII nomes como Juan, Domingo e Andrés eran os máis frecuentes nos bautizados. A cantidade de repeticións nos antropónimos masculinos débese á tradición patriarcal, e a necesidade de nomear aos fillos como aos pais, por unha cuestión de herdanza patrilineal. Por iso é moi común que se repitan os mesmos nomes, todos cun forte vencello á relixión. Nos séculos XIX e XX están de moda José e Manuel, e Andrés aínda permanece no terceiro lugar até que é substituído por Jesús, un nome relativamente moderno: até 1866, ninguén se atrevía a poñerllo a un neno, por tomarse como irreverencia utilizar o nome de Cristo (aconteceu o mesmo con Manuel).

Así, analízanse os nomes máis antigos e os máis modernos, a causa das innovacións onomásticas de cada século (o nome do día do nacemento e/ou do bautismo; a influencia dun crego oficiante; as novidades traídas da emigración e das modas etc.), e de quen toma o nome o bautizado cando é herdado: se dos padriños ou dos pais, da festa onomástica do día, do nome do crego oficiante etc. Atoparemos nomes de estirpe (os da familia fidalga berdoiesa de Don Alonso II de Lema, que viviu alí nos séculos XVII e XVIII). Pola contra, tamén hai "nomes-estigma", que algúns párrocos reservaban para a descendencia de mulleres solteiras, para que estas quedasen avergonzadas por vida polo seu "pecado". E, dende logo, hai tamén un amplo apartado para analizar a castelanización e a regaleguización dos nomes desde principios do século XVII á actualidade.

Co libro vén un minidisco (430 páxinas) no que se estudan un a un os 161 distintos nomes masculinos de Berdoias de 1607 á actualidade: de José (o máis repetido, con 302 bautizados) a Yeraí, Yonatan e outros 52 bautizados que son os únicos portadores do seu nome propio.